

Certame “A fala do Grove en TikTok”

BASES

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello do Grove convoca o Certame “A fala do Grove en TikTok”, unha actividade que pretende estimular a creatividade entre a mocidade, animar á creación de vídeos en lingua galega e poñer en valor o léxico de noso.

1. Participantes e categorías

Poderán concorrer a este premio, de xeito individual, todos os rapaces e as rapazas de 3º e 4º da ESO escolarizados/as en centros públicos de ensino do municipio do Grove, sempre que as súas videocreacións se axusten ao especificado nestas bases.

2. Vídeos: temática e características

Cada participante poderá presentar un único vídeo. A lingua na que se realizarán os vídeos será o galego, tanto no seu uso oral, como escrito.

Os vídeos deben ser de creación propia, realizados través da aplicación TikTok e a súa temática será a fala do Grove. Para iso, cada participante explicará no seu vídeo o significado de palabras propias ou expresións características da nosa vila. A duración de cada peza será dun máximo de 1 minuto. Non se admitirán vídeos que promovan unha mensaxe violenta, sexista, denigrante, ofensiva ou discriminatoria.

3. Prazos e inscricións

O prazo de inscrición comezará o día 20 de setembro e rematará o 20 de outubro de 2021.

Para inscribirse no certame deberase enviar ao correo electrónico normalizacionlinguistica@concellodogrove.es a seguinte documentación:

- Ficha de participación (incluída como anexo da presente convocatoria) cuberta e asinada pola nai/pai ou titor/a legal do/a alumno/a.
- Vídeo co que se desexa participar.

4. Procedemento e ditame

Os vídeos admitidos segundo os requisitos expostos na base 2 serán publicados na conta de Facebook do Servizo de Normalización Lingüística do Concello do Grove (www.facebook.com/snlconcellodogrove) para animar o voto do público no prazo indicado no seguinte parágrafo. O público votará os traballos premendo en “Gústame”. Os dous vídeos que obteña máis “Gústame” serán os gañadores.

O prazo de votación do público para determinar os premios será entre 21 e o 31 de outubro.

6. Premio

Establécese un premio por cada categoría, que será un lote de libros e música en galego e unha camiseta serigrafiada cunha palabra ou unha expresión típica da fala do Grove.

7. Aceptación das bases

A presentación a este concurso supón a aceptación das presentes bases.

ANEXO

Formulario de inscrición no Certame “A fala do Grove en TikTok”

Datos da/o alumna/o participante:

Nome e apelidos: _____ DNI: _____

Data de nacemento: _____ Curso: _____

Teléfono de contacto: _____

Correo electrónico: _____

Centro de estudos: _____

Título do vídeo: _____

Autorización da/o nai/pai ou titor/a legal:

D./Dna. _____, con DNI
_____ e teléfono _____, como pai/nai/titor(a) legal de
_____, autorizo ao meu fillo(a) a participar no
Certame “A fala do Grove en TikTok”, liberando os seus dereitos de imaxe para a súa
publicación nas canles do Concello do Grove e particularmente na conta de Facebook
www.facebook.com/snlconcellodogrove.

Asdo.: _____
(Sinatura da nai/pai/titor(a) da/o alumna/o participante)